LEXISLACIÓN E ESCOLARIZACIÓN DAS LINGUAS NON-DOMINANTES NO ÁMBITO IBÉRICO

FRANCISCO-XAVIER FRÍAS CONDE
Universidade Complutense de Madrid

La situazione linguistica della Spagna è abbastanza conosciuta. Ci sono tre lingue, oltre a lo spagnolo, la lingua ufficiale dello stato, conosciute come co-ufficiali, con una legislazione propria. Però ne esistono delle altre che non sono riconosciute. Questo crea un problema, dato che ci sono lingue con legislazione e lingue senza legislazione. Il sistema educativo spagnolo ammette che le diverse regioni autonome abbiano i loro programmi dentro l'unità del sistema educativo. Questo permette che le lingue di minoranze abbiano il loro spazio, ma con sistemi diversi. Per arrivare all'insegnamento delle lingue di minoranze, é stato necessario fare un lungo cammino dove la standardizzazione delle lingue e la creazione di programmi di formazione dei professori sono stati due elementi fondamentali. Dopo 20 anni, già si possono trarre delle conclusioni sul valore del sistema spagnolo rispetto all'insegnamento delle lingue di minoranza.

Però, non solo la legislazione è un elemento che favorisce la consideranza di lingua per qualunque variante, ma anche la presenza delle proprie lingue di minoranza nel sistema educativo. Comunque, ce sono lingue con e senza *curriculum*, lingue veicolari e non veicolari, lingue obbligatorie e lingue non obbligatorie. Inoltre, alcuni governi regionali creano lingue da dialetti per ragioni politiche. Questa situazione è conflittiva nella Spagna, un falso paradiso della libertà linguistica, dove una stessa lingua può avere tre *status quo* diversi dipendendo dalla regione in cui è parlata.

1. Situación lingüística da Península Ibérica

En calquera manual que un consulte acerca da situación lingüística da Península Ibérica, e máis concretamente de España, as informacións son bastante coincidentes. Respeito a Portugal, existe unha novidade recente, algo que chama a atención de moitas persoas que se senten curiosas polas linguas *pequenas*, e é que desde 1998 Miranda do Douro ten a súa lingua recoñecida, o *mirandés* é lingua propria de Portugal.

No anexo 1 vese a situación lingüística da Península Ibérica dentro do contexto románico, segundo a clasificación tradicional da Romanística. Así as cousas, cales son as linguas proprias da Península Ibérica? O mapa do anexo 1 pode dar, sobre o papel, unha visión de conxunto. Esta visión é puramente lingüística, mais desgrazadamente as cousas non son tan fáceis como se ven no papel, porque o concepto de lingua raramente ten que ver con criterios meramente lingüísticos, mais sociais, ou para sermos máis exactos, é unha consideración sociolingüística. E son todo un cúmulo de criterios sociolingüísticos os que participan na realidade lingüística ibérica. Trataremos de desglosala brevemente, sen pretendermos dar unha visión completa da realidade lingüística ibérica, mais introducindo tamén dúas novas concepcións en todo este proceso: a lexislación e a escolarización.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

2. Situación lingüística segundo a lexislación ibérica

2.1. Linguas con lexislación plena

Para aqueles que desde fóra de España e Portugal a Península Ibérica represente unha situación envexábel sobre lexislación lingüística, cómpre dicir que é só verdade en parte. Na verdade, a lexislación española é bastante progresista se a comparamos coa que existe noutras partes da Unión Europea. Endebén, un dos problemas que fican sen resolver é o do estatus dunha lingua non-dominante cando esta é falado en máis dunha comunidade autónoma. Tal é o caso das tres grandes linguas recoñecidas no Estado Español, é dicir, o catalán, o galego e o basco. Sobre esta cuestión voltaremos despois.

Alén do anterior, as linguas españolas —neste caso prescindimos do mirandés dentro de Portugal— teñen diferentes categorías legais e isto chega a un extremos, até o de agora nunca analisados, en que a condición de *lingua* vén dada polo estatus legal que posúa un determinado falar, pasando estas consideracións por riba dos criterios lingüísticos e sociais. Desgrazadamente, en determinados momentos un goberno autónomo pon criterios políticos dos tradicionalmente aceitados, é dicir, os lingüísticos e sociolingüísticos, para negar a identidade dunha lingua e se é necesario crear unha identidade nova. Sobre esta cuestión trataremos a seguir segundo casos especiais das linguas españolas.

A Constitución Española de 1978 declara que o castelán ou español é a lingua oficial de todo o estado, recoñecendo que as outras linguas serán co-oficiais segundo os seus estatutos de autonomía. Segundo isto, poderiamos falar dunhas linguas co-oficiais de primeira categoría visto que os seus estatutos de autonomía as recoñecen. Son estas:

- **Basco**: lingua propria da Comunidade Autónoma do País Basco
- **Catalán**: lingua propria da Comunidade Autónoma de Cataluña
- **Galego**: lingua propria da Comunidade Autónoma de Galiza

Desta maneira, estas catro linguas gozan, na teoría, dos mesmos direitos que o castelán nos seus territorios, aínda que isto, de facto, non é así. Sen embargo, as cousas son bastante máis complexas, porque estas mesmas linguas se falan en territorios viciños, ultrapasando as fronteiras políticas dos seus territorios históricos e o seu estatus, daquela cambia. A este aspecto pasamos a nos referir agora.

2.1.1. Catalán fóra de Cataluña

O catalán, alén de ser a lingua propria de Cataluña, é o idioma tradicional da franxa máis occidental da Comunidade Autónoma de Aragón, a faixa costeira da Comunidade Valenciana e mais as Illas Baleares dentro de España.

Fóra de España, o catalán é ademais a lingua propria da comarca francesa lindeira de Rosselló, Andorra e a cidade de l'Alguer (Alghero en italiano o S'Alighera en sardo) na illa de Sardeña.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

O recoñecemento do catalán coma tal existe nas Illas Baleares, onde a variante local está recollida no Estatuto de Autonomía.[1] Igualmente, o catalán de Aragón recoñécese coma tal, aínda que non polo estatuto aragonés. O problema reside na Comunidade Autónoma Valenciana. Aquí existe unha polémica a respeito da identidade do *valenciano*, que para a Romanística e a inmensa maioría dos investigadores é a forma propria do catalán falado nesta comunidade autónoma, mentres que para algúns sectores da sociedade valenciana, principalmente por razóns políticas, o valenciano é unha lingua diferente do catalán. O Estatuto de Valencia non soluciona as cousas, porque o estatus do valenciano como variante do catalán ou como hipotética lingua independente fica sen resolver.

2.1.2. Basco fóra do País Basco

O basco ou eusquera (*euskara* na propria lingua basca) é tamén a lingua propria da franxa noroccidental da comunidade viciña de Navarra, onde tamén é recoñecida polo seu estatuto de autonomía desta. Á diferenza do que acontece no País Basco, a lingua basca en navarra ten moitos menos direitos en todos os ámbitos.

Fálase o eusquera tamén no País Basco Francés.

2.1.3. Galego fóra de Galiza

O galego fálase tamén nas rexións fronteirizas con Galiza, concretamente na chamada Terra Eo-Navia no occidente de Asturias, o Baixo Bierzo e As Portelas na Comunidade de Castela-León e talvez nunha pequena bisbarra da provincia de Cáceres chamada Serra de Xalma.[2]

En Castela-León, nas faixas estremeiras das provincias lindeiras de León e Zamora, o galego é lingua propria e isto foi moi recentemente recoñecido polo parlamento de Castela-León (2000). En Asturias, na Terra Eo-Navia, o galego non foi nen é recoñecido como tal, apenas como unha variante lingüística chamada *galego-asturiano*, diferente do asturiano, que só ten un recoñecemento por lei do parlamento asturiano (portanto non está no seu estatuto). Logo teremos ocasión de voltar sobre este caso.

Finalmente, o galego de Estremadura está recoñecido como *ben de interese cultural* co nome de *a fala* (sic) polo goberno autónomo desa rexión tamén en 2000. Este é outro caso que analisaremos despois de lingua creada por decreto.

---

[1] No conxunto constuticional español, o estatuto de autonomía é o equivalente á constitución propria de cada comunidade autónoma. De facto, as comunidades autónomas españolas funcionan en boa medida coma estados federais.

[2] Cómpre tomar este último enclave con moita cautela, aínda que para moitos lingüístas se trate de falares galegos, para outros é simplemente galego-portugués. Desde a lexislación, como veremos despois, estes criterios non son tidos en conta.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

2.2. Linguas de lexislación parcial

Alén daquelas linguas *históricas* citadas anteriormente, existen outras áreas lingüísticas que cómpre ter en conta. A diferenza entre estas que apresentaremos arreo e as que temos visto até agora é esencialmente legal.[3]

Estas linguas son dúas:

- **Aragonés**: lingua propria da Comunidade Autónoma de Aragón
- **Asturiano**: lingua propria da Comunidade Autónoma de Asturias

Nengunha destas dúas linguas foi recoñecida coma tal nos seus estatutos de autonomía proprios, polo tanto, carecen dos trazos legais que teñen as outras e, nomeadamente, non son co-oficiais co castelán. En xeral, as referencias que se fan a elas en cadanseu estatuto de autonomía é que gozarán de *protección*, mais sen atender a cuestións fundamentais como escolarización que si foi desenvolvido no caso das linguas de escolarización plena.

2.2.1. Asturiano

O asturiano é a lingua autóctona da maioría do Principado de Asturias, excepto da franxa occidental que é lingüisticamente galega, como xa foi dito. O asturiano fai parte do chamado diasistema asturo-leonés, onde hoxe teñen categoría de lingua o proprio asturiano e mais o mirandés.[4] Posúe unha lei propria do ano 1998 que defende e protexe o asturiano, mais non normaliza o seu uso administrativo nen escolar.

---

[3] É importante insistir na cuestión de que a diferenza entre as linguas de lexislación plena e as de lexislación parcial é basicamente legal, visto que outros aspectos de tipo lingüístico e sociolingüístico non son diferentes entre unhas linguas e as outras. Así, por exemplo, todas as linguas iberorrománicas non-dominantes, recoñecidas coma tais pola Romanística, posúen en común: un padrón elaborado que é usado na literatura e noutros ámbitos; unha tradición literaria —pequena ou grande a depender da situación de cada lingua—, estudos de dialectoloxía e historia da lingua, obras de lexicografía en maior ou menor medida, etc.

[4] Non existe nen existiu nunca o asturo-leonés ou simplemente o leonés coma lingua, nen sequera na Idade Media, ainda que o asturiano si foi empregue como idioma dos documentos medievais. A cuestión do diasistema, aínda que complexa, é basicamente sociolingüística; na Península Ibérica podemos afirmar que existen dous diasistemas, o **galego-portugués**, onde tanto o galego coma o portugués son linguas, e mais o **asturo-leonés**, onde existen unha serie de dialectos cuxa pervivencia, na maioría dos casos é moi limitada, mais que posúe dous falares que chegaron a desenvolver linguas literarias, o asturiano e o mirandés. Considerar que o mirandés é asturiano é inexacto, visto que as diferenzas entre ambos os falares son considerábeis desde todos os pontos de vista, tamén o lingüístico.

Non consideramos, contodo, que o catalán sexa un diasistema aínda que dentro del existan normas para os distintos falares.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

2.2.2. Aragonés

É a lingua propria da zona norte de Aragón, aínda que na Idade Media tiña unha extensión considerábel, mesmo na actual Comunidade Valenciana.

Posúe tamén unha situación legal moi feble, sen unha lei de linguas propria, aínda que se ten falado moito dela nos últimos anos.

2.3. Enclaves lingüísticos menores

Falta citar aínda un par de enclaves lingüísticos que non pertencen a nengunha das linguas ás que fixemos referencia anteriormente. Estamos a nos referir ao ***aranés*** e ao ***portugués***.

No primeiro caso, o aranés é unha variante local do occitano falado na Val de Arán na provincia catalana de Lleida. Paradoxalmente, o aranés posúe estatus de recoñecemento, aínda que non sexa considerado lingua, mais goza de dereitos administrativos e educativos. De facto, é a única variante lingüística occitana, tanto en Francia como en Italia, que posúe oficialidade.

No segundo caso, unha lingua estatal tornouse nun falar minorizado sen recoñecemento legal de nengunha caste. O portugués fálase en varios enclaves españois fronteirizos, sen que desde nengunha administración española se recoñeza. Fálase na localidade salmantina de Alamedilla, nas cacereñas de Ferreira de Alcántara e Cedillo, alén de na pacense de Olivenza.

2.4. A situación portuguesa: o mirandés

En 1999, o parlamento portugués recoñecía o mirandés como lingua propria de Portugal, e fixaba o seu territorio natural no concello de Miranda do Douro e dúas aldeas viciñas do concello de Vimioso. Desde aquela, a unidade lingüística absoluta do Estado portugués, mantida durante séculos, foi rota dunha maneira nada traumática. O Estado máis unitario da Europa occidental recoñecía que no seu interior existía unha pequena minoría lingüística.

Así e todo, o mirandés, agora con estatus de lingua mercé ao seu recoñecemento legal, non é a única variante non-portuguesa falada en Portugal. Existen pequenos enclaves no noreste do distrito de Trás-os-Montes, por riba da capital Braganza, lingüisticamente asturo-leoneses, que non son recoñecidos e cuxa subsistencia é crítica.

3. Linguas creadas por decreto

Como xa indicamos anteriormente, os lexisladores e políticos españois de diversas comunidades autónomas non queren recoñecer determinadas linguas por razóns políticas e tentan disfarazalas ou darlles unha falsa identidade. Neste proceso, os criterios lingüísticos, e xeralmente tamén os sociolingüísticos, son ignorados de todo. Por medio dunha lei, un enclave lingüístico pode ter unha lingua propria. Analisaremos a seguir aqueles casos de conflito lingüístico onde a lexislación se enfronta abertamente coa realidade lingüística no contorno ibérico (concretamente español).

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

3.1. O caso eonaviego: galego de Asturias

Este é, ao noso xuízo, o caso máis claro de lingua creada por imposición legal. Desde un ponto de vista lingüístico, o galego eonaviego, galego de Asturias ou galego asturiano é unha variante dialectal do galego. É ben certo que posúe trazos de seu moi claros que lle dan unha identidade propria e que, ademais, o feito de se falar en Asturias fai que os seus falantes requiran un tratamento específico do seu falar.

Por mor da pertenza do galego eonaviego ao territorio administrativo asturiano, o goberno rexional e mais a Academia da Lingua Asturiana sempre tiveron unha actitude de negación da realidade lingüística da comarca eonaviega. Nos primeiros momentos tratárono como se for simplemente asturiano, mais á vista de que era insostíbel tal pretensión, optaron por *crear* unha nova lingua, o *galego-asturiano*, que ten unha lexislación común co asturiano.[5]

Evidentemente hai sectores sociais que se opoñen a estas consideracións, aínda que hai outros que as apoian. Desde o sector que promove o recoñecemento da identidade galega da lingua, sempre baseándose en criterios lingüísticos, isto é aberrante. Tal movemento publicou en 1990 unhas normas para o galego eonaviego que son un subpadrón do galego oficial. A resposta veu tres anos máis tarde cando a Consellaría de Cultura do Principado publicou unhas contra-normas (1993) onde o eonaviego viña escrito segundo a normativa asturiana. As primeiras son oficiosamente recoñecidas polo goberno galego, mentres que as segundas sono polo goberno asturiano, mais en nengún caso calquera das dúas propostas posúe valor oficial. Non obstante, os textos que saen publicados desde a administración autonómica asturiana van coa norma asturianizante.

Desde o ponto de vista literario e de difusión, ambas as normas son empregues en diversos ámbitos. Así e todo, a norma galega do subpadrón ten unha maior presenza na literatura e nos portais da internet.

3.2. O caso de Estremadura: galego de Estremadura

Este é outro caso semellante ao anterior, mais coa diferenza que a consideración de ser o falar de Xalma parte do galego ou non está aínda en discusión entre os lingüístas. Aínda así, o goberno estremeño, tras certas presións, deu un estatus especial ao falar de Xalma (2000) deixándolle a denominación de *a fala*, de maneira que a súa identidade fica sen calificar, mais que lle dá a categoría de variante lingüística[6] para protexer. Desde esta lei é que se está a organizar a escolarización do galego estremeño no territorio onde se fala.

---

[5] Esta lexislación é a lei do asturiano, de 1998, onde non se recoñece ao asturiano case que ningún dereito, e evidentemente non se fai mención da co-oficialidade. É nesta lei, porén, que se recoñece o *galego-asturiano* coma outra lingua, mais sen atender á súa verdadeira identidade. Dise na lei que todos os dereitos recoñecidos para o asturiano, serán extensíbeis para o galego asturiano, sen máis especificacións.

[6] Tanto neste caso coma no anterior, a denominación de variante lingüística é a máis xeral, visto que até os gobernos autónomos non ousan outorgar a categoría da lingua a calquera dialecto. Sen embargo, o galego de Estremadura e o de Asturias posúen lexislacións autonómicas que, de facto, as xebran do seu tronco lingüístico orixinario.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

3.3. O caso do val de Arán: occitano (gascón) aranés

O aranés foi lexislado desde Cataluña, polo proprio goberno autónomo da Generalitat xa nos anos oitenta. Tívose moito coidado en manter a súa filiación lingüística occitana e até a ortografía empregue é a habitual desta lingua, mais a norma aranesa baséase no falar local, non é o occitano padrón e nen sequera o gascón común. Sen ter unha intención disgregadora, o aranés independizouse do resto do dominio, dado que, ademais, ten un grau de co-oficialidade xunto co catalán e o castelán, que non posúe o occitano nen nos estados francés e italiano, onde tamén se fala.

3.4. O caso da Comunidade Valenciana: o catalán valenciano

Xa desde o estatuto de autonomía a polémica está no plano legal. Para un sector da sociedade valenciana, non se fala catalán porque os valencianos non son cataláns, portanto é argumento político. Para outra parte da sociedade valenciana, o catalán da Comunidade Valenciana é o valenciano, portanto recoñecen, con criterios lingüísticos, formaren parte do dominio lingüístico catalán.

A afirmación *o valenciano é a lingua propria de Valencia* non solventa dúbida nengunha. Para uns, ese valenciano é lingua independente, para outros simplemente, o valenciano é o nome que recebe a lingua catalá nesa comunidade autónoma.

A norma catalana, de 1919, aceita que o valenciano e o balear, dentro da unidade ortográfica da lingua, manteñan normas proprias. No caso valenciano, xa desde os anos 30 do século pasado esas normas tiveron valor oficial, mais nos últimos anos tentouse, desde os sectores isolacionistas, crear unha norma propria, o cal conta co apoio de determinados sectores políticos valencianos. Mesmo a actual administración autonómica tentou impedir que os docentes cataláns impartisen aulas de valenciano naquela comunidade autónoma ou eliminaron os escritores cataláns e baleares dos programas de estudo da lingua catalana en Valencia. A cuestión está nun forte debate.

3.5. Casos de recoñecemento

Afortunadamente a paranoia de crear linguas non callou en todos os territorios. Citaremos aqueles casos en que a lingua é recoñecida na súa identidade, aínda que son poucos: o galego é recoñecido coma tal na Comunidade Autónoma de Castela-León; o basco é recoñecido en Navarra e o catalán é recoñecido na franxa oriental de Aragón. En todos estes territorios, a potestade administrativa corresponde ao goberno autónomo do territorio onde se fala, e nengún caso ao goberno galego, basco e catalán respectivamente.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

4. Situación lingüística segundo a realidade educativa

Para entrarmos na última fase do estudo presente, temos que considerar aqueles dados que veñen dados pola realidade educativa española no tocante ás súas linguas minoritarias.

O sistema educativo español actual ten unha lei orgánica de 1990 que determina todo o sistema educativo ao nível estatal, a chamada LOXSE (LOGSE en español) que permite que as comunidades autónomas con lingua propria poidan lexislar, dentro dese marco, os currículos de lingua propria.

O sistema educativo español vese no anexo 1.

4.1. A importancia da escolarización no recoñecemento e normalización dunha lingua

Até agora, a escolarización nunha lingua foi tomada como un referente de normalización da tal lingua, mais o que no caso ibérico non se fixo até agora foi utilizar a escolarización como baremo á hora de valorar que unha variante sexa lingua ou non. Este criterio, per se, non abonda, é evidente, mais á vista de que a realidade do caso español (e tamén portugués) atende a criterios lexislativos ademais do lingüísticos e socilingüísticos, para estabelecer as linguas españolas, consideramos que este panorama non fica completo sen atender á escolarización.

Se partimos do principio de que a educación é un direito universal, o estado español, e tamén o portugués, non dá igualdade de oportunidades a todas as súas linguas. Portanto, analisaremos cal é o grau de escolarización das linguas non-dominantes españolas segundo as distintas áreas. Para iso, debemos comezar cos criterios de baremación.

4.2. Criterios de baremación

Os criterios que escollemos para a valoración da presenza das linguas minoritarias e minorizadas nos sistemas educativos[7] son os presentados nos itens que veñen arreo. Consideramos que os seis títulos anteriores poden ser cualificados entre 0 e 5 pontos, onde o primeiro ítem é o que máis se valora, e o cuarto dá 0 pontos. Desta maneira, unha mesma lingua pode ter até catro valores diferentes educativos (caso do galego) segundo se encontre nunha zona ou outra.

1. Lingua vehicular

a. É lingua vehicular en máis do 75%
b. É lingua vehicular até ao menos o 50%
c. Úsase nalgunha materia
d. Non se usa nunca

[7] Infelizmente non podemos facer unha descrición mínima dos distintos sistemas educativos ibéricos, pois tal descrición ocuparía unha morea de espazo. Habemos conformarnos coas entradas do cuestionario que apenas dan unha idea global de cal é a realidade educativa de cada comunidade autónoma.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

2. Currículo

a. Posúe un currículo oficial dado por lei
b. Posúe un currículo semi-oficial
c. Posúe apenas unhas indicacións
d. Non posúe currículo nengún

3. Obrigatoriedade

a. É obrigatoria
b. Non é obrigatoria (opcional)
c. Está experimentalmente
d. Non se estuda

4. Presenza no ensino

a. Úsase no ensino primario
b. Úsase no ensino secundario
c. Úsase no ensino universitario
d. Úsase na administración educativa

5. Edición de materiais

a. Ten todos os libros de texto normalizados
b. Só ten algúns libros de texto normalizados (parte do material fano os docentes)
c. Existe unha ampla oferta de materiais educativos (vgr. Literatura infantil)
d. Hai ben poucos materiais educativos

6. Formación do profesorado

a. profesorado ten unha formación universitaria completa
b. pofesorado recebe algúns cursos de especialización
c. profesorado é autodidacta
d. Non hai formación algunha

4.3. Linguas españolas e escolarización

Agora xa apresentamos a nosa baremación da relación lingua-escolarización nos Estados español e portugués. Posteriormente tiraremos algunhas conclusións que poden ser interesantes para planificar o traballo.

Lingua	1	2	3	4	5	6	Total
Galego en Galiza	3[8]	4[9]	5	5	5	5	27
Galego en Asturias	0	2	2	1	1	2	8
Galego en Castela-León	1	5	3	2	1	4	16
Galego en Estremadura	0	0	2	1	1	1	5
Asturiano	1	3	3	2	2	3	14
Mirandés	1	4	3	2	2	2	14

[8] En Galiza, a lei obriga a que sexa como mínimo o 50%, mais a lei non se cumpre na maioría dos casos por desinterese do goberno autónomo e das autoridades educativas.

[9] Teoricamente a pontuación debería ser 5 por lei, a máxima, mais o seu incumprimento é xeral, como sinalamos na nota a rodapé anterior.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

Falares leoneses	0	0	0	0	0	0	0
Portugués Castela-León	0	0	0	0	0	0	0
Portugués Estremadura	0	0	0	0	0	0	0
Basco no País Basco[10]	5	5	5	5	5	5	30
Basco en Navarra[11]	3	5	4	3	5	5	25
Catalán en Cataluña	5	5	5	5	5	5	30
Catalán en Valencia[12]	3	5	5	5	5	5	28
Catalán en Baleares	4	5	5	5	5	5	29
Catalán en Aragón	2	3	3	2	2	3	15
Catalán en Murcia	0	0	0	0	0	0	0
Aranés	3	5	4	3	4	4	23

4.4. Algunhas conclusións do baremo

Despois de analisar o baremo anterior, é preciso tirar algunhas conclusións. En primeiro lugar cómpre facer referencia ás grandes desigualdades que se dan entre territorios, e mesmo dunha mesma lingua dependendo de onde esta se fale; así, o galego apresenta catro situacións de escolarización ben diferentes.

Doutra parte, parece bastante claro que as situacións que poderiamos considerar óptimas e até envexábeis, son aquelas que alcanzan a maior pontoación, é dicer, o caso catalán en Cataluña e o basco no País Basco. Desde un ponto de vista de lexislación e prática escolar, podemos considerar boa a situación daqueles casos onde a pontoación supera os 25 pontos, como ocorre co galego en Galiza e o catalán en Valencia e as Baleares.

Nunha situación de certo recoñecemento mais con fortísimas carencias están as demais linguas nos diversos territorios, sendo entre eles o aranés o que mellor se encontra. Nestes territorios a promoción da lingua propria faise en xeral con medios moito máis rudimentarios.

Paradoxalmente, o portugués, lingua estatal, non ten recoñecemento algún como xa se dixo, dentro do Estado Español, o cal non deixa de ser incríbel. Evidentemente, desde nengunha administración autonómica se deron pasos para recoñecer o portugués, de maneira que a escolarización é inviábel. Porén, o portugués é lingua estranxeira no ensino secundario de libre escolla.

Segundo a baremación anterior, podemos considerar que existen ao menos tres estados de escolarización das minorías lingüísticas que requiren tratamentos completamente diferentes. Aqueles territorios que teñen entre 25 e 30 pontos son os

[10] No País Basco hai tres modelos educativos: A, B, D. Os tres son escolleitos polos pais e mudan en cal é a lingua vehicular. O modelo A, o máis espallado, é integramente en basco e ten o castelán coma materia.Ese é o que apresentamos aquí.

[11] En Navarra, como en Valencia, existe unha zona onde a lingua vehicular é o castelán, por ser esta a maioritaria, sendo o eusquera lingua opcional. Na zona bascófona, o basco ten maior presenza no ensino, mais non é lingua xeral como no País Basco.

[12] Na Comunidade Valenciana distínguense unha zona castelanófona, onde o valenciano é apenas unha materia e a catalanófona, onde o valenciano é, en teoría a lingua vehicular, mais non sempre é así, como corre en Galiza.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

considerados óptimos. Os que teñen entre 20 e 24 están en boas condicións. Os que están entre 10 e 19 necesitan moitas reformas e unha presenza da lingua moito máis marcada e até poderiamos dicir que dentro dunha *discriminación positiva*. As que teñen menos de 9 están nunha situación crítica e fica todo ou case todo por facer.

5. Conclusións

Coido que á vista do exposto até aquí, é preciso recapitular sobre determinadas concepcións da situación lingüística da Península Ibérica, nomeadamente de España. Primeiro de todo, é preciso ter en conta o escasísimo desenvolvemento que fixen ao longo destas páxinas da lexislación e da situación educativa das linguas ibéricas, mais, contodo, introducín algúns elementos extra-lingüísticos que xeralmente non se adoitan ter en conta. Isto é fundamental no caso da Península Ibérica, pois calquera enfoque sociolingüístico ten que contar, forzosamente, con criterios legais e educativos.


Introducimos a distinción entre linguas con lexislación plena e lexislación parcial, ao tempo que se ve que na Península Ibérica hai linguas e variantes que non teñen lexislación nengunha. Nese sentido cómpre perguntarse como é posíbel que dous falantes dunha mesma lingua non teñan os mesmos direitos cando cada un deles está nun territorio diferente.

Desde a perspectiva legal, xa vimos como algúns gobernos autónomos interveñen en todo este proceso co gallo de *crearen* linguas alí onde o consideran necesario para a súa política local. Este aspecto require, loxicamente, un estudo moito máis profundo. Desde a perspectiva da política educativa, a distinción aquí esbozada —moi incompleta, contodo— amosa como unha mesma lingua pode apresentar até tres ou catro estatus diferentes, alén de ser necesarios esforzos educativos diferentes segundo o grau de presenza da lingua vernácula dentro do sistema educativo local.

Teño a intención de profundir en todos estes aspectos, mais ao menos aquí fican polo de agora estes dados para inaugurar un debate.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)


Anexo 1: *As linguas iberorrománicas no contexto románico*[13]



[13] KORYAKOV, Yuri B. (2001): *Atlas of the Languages of the World: Romance Languages* [13 multicoloures maps, 280x200 mm]. Moscou: Institute of Linguistics.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)


Anexo 2: *As linguas iberorrománicas na Península Ibérica*[14]



[14] KORYAKOV, Yuri B. (2001): *Atlas of the Languages of the World: Romance Languages* [13 multicoloures maps, 280x200 mm]. Moscou: Institute of Linguistics.

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

Anexo 3: *O sistema educativo español* [15]



[15] *Educaweb*. http://www.educaweb.com/esp/secciones/seccion.asp?sec=2

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)

6. Referencias

Consellarías de Educación das diferentes Comunidades Autónomas Españolas. Desde estas direccións pódese aceder a todos os servizos educativos, programas, currículos e todo o que for preciso para coñecer a realidade educativa:

Ministerio de Educación e Cultura
http://www.mecd.es

Consellaría de Educación e Cultura do Principado de Asturias
http://www.educastur.princast.es

Consellaría de Educación e Cultura da Comunidade Autónoma das Illas Baleares (Educación)
http://www.caib.es/govern/links/eeduca.htm

Consellaría de Educación e Cultura da Comunidade Autónoma de Castela-León
http://www.jcyl.es/jcyl/cec/

Departamento de Ensino da Comunidade Autónoma de Cataluña
http://www.gencat.es/ense/

Consellaría de Educación, Ciencia e Tecnoloxía da Comunidade Autónoma de Estremadura
http://www.juntaex.es/consejerias/ect/home.html

Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galiza
http://www.xunta.es/conselle/ceoug/index.htm

Departamento de Educación e Cultura da Comunidade Autónoma de Navarra
http://www.cfnavarra.es/EDUCA/
http://www.pnte.cfnavarra.es/ (Dirección Xeral de Eduación)

Departamento de Educación, Universidades e Investigación da Comunidade Autónoma Basca
http://www1.hezkuntza.ej-gv.net/indice_c.htm

Consellería de Cultura, Educación e Ciencia da Comunidade Valenciana
http://www.cult.gva.es/

Outra caste de informacións sobre todos os Estados membros da Unión Europea, así como dos que solicitaron a súa adhesión, pódense encontrar en:

The Information Network on Education in Europe
http://www.eurydice.org

BDD-A5213 © 2002 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.142 (2026-11-15 01:21:28 UTC)